

APROXIMACIÓN Á TOPONIMIA DE SAN XURXO DE CODESEDA

Xesús Domínguez Dono

Universidade de Santiago de Compostela - Seminario de Lexicografía (RAG)

INTRODUCCIÓN

A finalidade deste relatorio é a de presentar unha breve e modesta aproximación á práctica do estudo toponímico, para o cal seleccionamos unha serie de topónimos maiores pertencentes á parroquia de San Xurxo de Codeseda, no Concello da Estrada, a partir do nomenclátor oficial proporcionado polo Concello, elixindo os topónimos en función das aparicións que tivesemos documentadas en testemuños medievais, concretamente no inventario que o Cabido de Santiago ordenou facer no 1419 dos bens do Mosteiro de San Xurxo de Codeseda, recollido por F. Pérez Rodríguez no Apéndice Documental do artigo “San Jorge de Codeseda. Un monasterio femenino bajomedieval”, in *Studia Monastica*, 3, 1991. pp. 50-85¹. Isto farase así, para ter un punto de apoio documentado entre a solución actual e a posible orixe do topónimo tratado².

ESTUDIO DOS TOPÓNIMOS

1. Xeotopónimos³

1.1. Litotopónimos

1.1.1. Barro

Topónimo de probable orixe prerromana podendo provir de *BARRO, “lama ou arxila”⁴,

¹ Desde agora as referencias a este apéndice faranse coas siglas A. D., seguidas da foliación do manuscrito e a páxina do artigo.

² Débese advertir que nos basearemos na transcripción feita por F. Pérez Rodríguez no artigo citado, sen podermos ter verificado a correcta lectura nos manuscritos orixinais, polo que sempre teremos presente un determinado e impreciso grao de erro diante das solucións achegadas.

³ Considerando como tales, aqueles que se refiren a aspectos xeomorfolóxicos do terreo, como os *orotopónimos* (elevacións, chairas...), *litotopónimos* (pedras e minerais), *hidrotopónimos* (referentes á auga)... A clasificación feita para a exposición do presente traballo basease nas teorías expostas por García Arias, 1995, pp. 61-62.

⁴ Rivas Quintas, 1982, pp. 32-33.

sobre a posible forma precelta *BAR-, “altura”⁵, aínda que non hai uniformidade de criterios entre os investigadores para delimita-la exacta orixe prerromana⁶.

No caso que nos ocupa documentámo-la forma mantendo solución idéntica á actual, “*Item eno lugar de Barro...*”⁷.

1.2. Hidrotopónimos

1.2.1. O Arnado

Hidrónimo tamén de posible orixe prerromana formado sobre a raíz indoeuropea *AR-, *ARN-, “corrente de auga” ou “canle escavada por un río”⁸ documentándose casos similares en toda Europa, (Arne <Fr.>, Arno <It.>, Aar <Suíza>, e en Galicia (Arnego, Arnoia, etc.), tamén significando “asentamento próximo a un río” (Arnois, xunta o río Ulla)⁹.

No noso caso aparece esta raíz unida ó sufixo latino de participio -ATUM¹⁰ documentándose tamén na zona a forma deste topónimo con síncope da dental intervocálica (ARNAO)¹¹, produto da convivencia das dúas formas na fala, diferenciándose na actualidade no obxecto da designación, posto que esta última forma mencionada correspóndese, xeograficamente, cun monte ó pé do que se atopa o lugar de O Arnado, valgada próxima a un regato, tendo testemuñado “...*partindo pola meatade do monte Arnado...*”¹², dándose unha transposición ou evolución diferenciada nos obxectos de designación.

1.2.2. Fontenlo

Con orixe en FONS, -TIS latino, “fonte”, a través do seu derivado FONTANUS, por medio de construcións tipo FONTANA (AQUA)¹³ máis o diminutivo latino -ĒLLUM¹⁴, “fonte pequena”, sendo a orixe dunha gran familia de topónimos en Galicia, tanto con nasal (Fontenlo/a), como sen ela (Fontelo/a)¹⁵.

Moralejo explica a alternancia de formas poñéndo-a en relación coa distribución territorial das variantes -an/-ao en Galicia, facéndo-a derivar dunha forma hipotética *fontãela,

⁵ Rivas, 1982, § 5.

⁶ Cf. Corominas / Pascual, I, 1980, s.v. *barro I*; Moralejo Lasso, 1977, p. 29, n. 15.

⁷ A. D. 159v/78.

⁸ Rivas, 1982, § 32.

⁹ Cf. Moralejo, 1977, p. 18; Crespo Pozo, 1973.

¹⁰ Rivas, 1982, p. 8.

¹¹ Cf. *Mapa Topográfico Nacional de España (1:25.000), 153-I*, Instituto Geográfico Nacional, 1994.

¹² A. D. 158v/76.

¹³ Corominas / Pascual, II, 1980, s.v. *fuelle*; Rivas, 1982, § 77, p. 123.

¹⁴ García de Diego, 1984, p. 189.

¹⁵ Cf. Moralejo, 1977, pp. 85-98.

con -ae- nasais (<FONTANELLA¹⁶), con contracción das vocais e desnasalización (⇒Fontao, Fontela, etc.), ou ben cunha condensación e reposición da nasalidade en posición posterior á vocal contracta¹⁷: fontãelo > fontčelo > fonte(n)lo.

O testemuñado da pé ó exposto “*Item eno lugar de Fonteelo...*”¹⁸ onde, dependendo da verosimilitude da transcripción, podería aparecer grafado coa nasalidade, o que tiraría cara a solución actual.

1.2.3. *Insuela*

Diminutivo formado co sufixo -ELLA¹⁹ sobre a forma INSŪLA²⁰, “illa”, aínda que este topónimo parece referirse ós prados próximos a un río²¹, o que, neste caso, se corresponde coa realidade xeográfica actual, documentándoo do mesmo xeito, “...*lugar que dizen Insuela...*”²².

1.2.4. *Umia (Río)*

En dúas ocasións atopamos esta forma como “*río da Humea*”²³, parece te-la mesma orixe que o hidrónimo Eume a partir da raíz prerromana *embh- / *ombh- / *ṃbhm-, do que procede IMBER latino, “chuvia”, e a voz celta AMBE “río” (< *ṃbhis), ou mellor, dunha base *ūgṃsm-i-s de *ūegṃ- / *ugṃ-, “húmido”, de onde se orixina o latino ŪMŌR / ŪMĪDUS²⁴.

Poderíamos, pois, supoñer unha evolución normal de Umia provindo de ŪMĒDA.

2. Fitotopónimos²⁵

2.1. *Codeseda*

É este un grupo das significacións toponímicas con gran riqueza de exemplos, formándose principalmente co sufixo abundancial -ETUM > -edo²⁶, como neste caso, a partir do latín CŪTĪS(S)U, “codeso”, e este do grego “*κυτλιος*”²⁷, aparecendo na documentación

¹⁶ Cf. Machado, III, 1977, 3ª ed., s.v. *fonte*.

¹⁷ Moralejo, 1977, p. 91,

¹⁸ A. D. 159v/78.

¹⁹ Vid. n. 15.

²⁰ Corominas / Pascual, III, 1980, s.v. *isla*.

²¹ Rivas, 1982, § 79, p. 125.

²² A. D. 159/78.

²³ A. D. 158v/76 e 165/83.

²⁴ González-Pardo, 1987 p. 27.

²⁵ Consideramos como tales aqueles que se refiren ás plantas e ó mundo vexetal en xeral.

²⁶ Piel, 1989, [1940], p. 203; Moralejo, 1977, p.22.

²⁷ Corominas / Pascual, II, 1980, s.v. *codeso*; Machado, 1977: II, 175; Rivas, 1982, § 123, p. 162.

achegada por López Ferreiro na *Historia de la Santa A. M. Iglesia Catedral de Santiago*, v, 120²⁸, como “Coteseta”. Na que nós manexamos aparece testemuñado en vintetrés ocasións como *Codeseda*²⁹ e en seis como *Codessedá*³⁰.

Coa mesma orixe dáse na actualidade o topónimo “Codesal” (na mesma parroquia e case que lindeiro co que estamos a estudar), tendo como único cambio o emprego doutro sufixo abundancial -al < lat. -ALE, que entrou en competencia con -edo/a, chegando mesmo a substituílo³¹.

2.2. *Filgueiras*

Do latín FILĪX, -IS³², “fento”, deriva FĪLĪCTUM, que deu orixe ó colectivo *FIL(I)CARIA, “lugar con fentos”³³, de onde provén o galego “Filgueira” por sonorización da xorda intervocálica e metátese do iode.

O testemuño que nos ocupa presenta o grafismo *Felguerras*³⁴, do que poderíamos supoñer unha mala lectura³⁵ sobre a posible grafía *felgueeras, ou *felgueiras (¿?).

2.3. *Fragoso*

Tamén temos neste caso a presenza dun sufixo abundancial latino -OSU/A > -oso/a³⁶ unido á raíz “Fraga-”, que á súa vez proviría do latín *FRAGUS, e esta do verbo FRANGUERE, “romper”³⁷, que nun principio designaría un terreo áspero e abrupto, para pasar logo a referirse a un lugar tamén abrupto, pero con vexetación, con mato, ou mesmamente un bosque. Recollémolo no A. D., “...*eno lugar de Fragoso...*”³⁸.

3. Antrotopónimos³⁹

3.1. *Xubrei*

En toda a bibliografía consultada non temos atopado ningún comentario sobre este topónimo, excepto en Piel-Kremer, 1976, que o fan derivar do antropónimo xermánico Si-

²⁸ Citamos a través de Rivas, 1982, p. 162.

²⁹ A. D. 158/75, 159v/78, 162v/80 [3], 163/80, 163v/81 [4], 164/81 [2], 164 /82 [2], 164v/82 [2], 164v/83, 165/83 [4], 166/84, 166v/84. Entre corchetes figura o número de aparicións en cada folio.

³⁰ A. D. 158/75, 158v/76 [2], 159v/78, 164/82, 164v/83.

³¹ Piel, 1940, p. 204.

³² Ernout / Meillet, 1932, [1985, 4ª ed.], p. 234.

³³ Corominas / Pascual, III, 1980, s.v. *helecho*.

³⁴ A. D. 159v/78.

³⁵ Cf. *supra* n. 2.

³⁶ Piel, 1940, p. 205.

³⁷ Rivas, 1982, § 169.

³⁸ A. D. 159/78.

³⁹ Xeralmente con base en antropónimos de posesores.

ge-fredus (Sige-, “victoria, trunfo”)⁴⁰, con palatalización da consoante inicial e bilabialización da fricativa labiodental.

Na documentación medieval examinada temos testemuñada a forma *Insobrei*⁴¹, que identificamos coa actual, aínda que non temos datos suficientes para explica-la aparición do posible prefixo documentado *IN-, que podería tratarse de tal prefixo unido ó antropónimo proteticamente por contaminación sintáctica, o que adoita acontecer⁴², ou ben unha mala grafía do amanuense ou un erro de segmentación.

3.2. *Marcenlos*

Posiblemente esteamos diante dunha forma en diminutivo proveniente dun nome de posuidor, similar na súa orixe a outros topónimos tipo Marcelle (que partiría do antropónimo latino MARCELLUS⁴³), ou cun contacto máis directo con topónimos do tipo de Marzás ou Marzán (aínda que non temos documentado ningún topónimo deste estilo coa terminación -enlos), presupoñendo a súa orixe sobre a base latina de MARCIUS⁴⁴, como Marzás, sobre un hipotético *MARCIANI(S) + -ELLU⁴⁵, coa conseguinte evolución de C+iode ante consoante cara a unha fricativa interdental xorda actual (...>[θ]) con inflexión da vocal tónica que pecha un grao, *marçene + -ellus, podéndose dá-lo mesmo fenómeno que explique a presenza da nasal que en Fontenlo⁴⁶. De tódolos xeitos, esta non é unha explicación definitiva, dado que as solucións en xenitivo de nomes de poseores latinos presentan, de xeito xeral, terminación -E, (entre outras)⁴⁷, mentres que a que nos ocupa se afasta desta tónica (-ENLOS), debéndose pensar nalgún tipo de cruzamento do que non podemos achegar probas. Témolos documentados como *Marçeenllos*⁴⁸.

4. Agrotopónimos⁴⁹

4.1. *A Grela*

Do latín AGER, -I, “campo” ou “herdade”⁵⁰, evolucionando sobre un plural neutro cunha síncope da vocal postónica *AG(E)RA, que pasou con significado colectivo⁵¹, máis o di-

⁴⁰ Piel / Kremer, 1976, § 237.8, p. 239.

⁴¹ A. D. 159/78.

⁴² Cf. *infra* § 4.1.

⁴³ Forneiro Lloves, 1978, p. 31.

⁴⁴ Machado, 1984, s.v. *Marcelino*¹ e *Marcelo*¹; Rivas Quintas, 1991, p. 239.

⁴⁵ Forneiro, 1978, p. 87.

⁴⁶ Cf. *supra* § 1.2.2.

⁴⁷ Piel, 1948, pp. 154-155.

⁴⁸ A. D. 159v/78.

⁴⁹ Neste apartado agruparemos aqueles topónimos que teñan un significado dependente das estruturas agrarias, principalmente das referidas ós sistemas de propiedade e asentamentos rurais.

⁵⁰ Ernout, 1932, pp. 14-15.

⁵¹ Rivas Quintas, 1985, p. 471.

minutivo -ELLA. Atopámolo con dobre grafía nos textos, *Agrela*⁵² e *Agrella*⁵³, aparecendo hoxe en día cun erro de segmentación que considera o A- inicial como prótese de artigo, A-Grela.

4.2. O Currelo

Construído co sufixo diminutivo -ELLU sobre a raíz CURR-, tería o significado de “construcción circular de pedra para garda-lo gando” ou, nalgúns lugares “construcción para o refuxio do pastor e cerca anexa”, sendo a súa orixe celta en *COR(R)-, “circo de pedras”⁵⁴. Documentámolo como *Currelos*⁵⁵, forma que se mantén viva no léxico co significado xa comentado, servindo na actualidade, toponimicamente falando, para designar nesta parroquia, tanto un lugar concreto de asentamento poboacional, como unha zona xeográfica máis ampla (Currelos), dentro da que se encontra o primeiro⁵⁶.

4.3. A Devesa

Documentado como *Deuesa*⁵⁷, procedente do latín tardío DEFENSA (coa sonorización do -F- intervocálico, a pesar do prefixo)⁵⁸, e provindo este do participio de DEFENDERE, para designa-la “*terra defensa”⁵⁹, ou terreo cercado ou acoutado.

Debemos facer nota-la aparición na documentación examinada dunha referencia a unha “*deuesa da Silua Scura*”⁶⁰, que podería se-la mesmo que nos ocupa, co engadido dunha diferenciación fitotoponímica, “silva scura”, posiblemente polo frondoso do lugar.

4.4. As Quintas

Termo que provén do latín QUINTANA, “a do quinto lugar”, de QUINTUS, -A, -UM, pasando a significar “quinta parte dunha herdade”⁶¹, dos froitos entregados ó dono ou a propiedade mesma”⁶², evolucionando coa desaparición da nasal intervocálica, o que se demostra polas grafías que posúe nos textos, *Quintaas*⁶³.

⁵² A. D. 158v/77.

⁵³ A. D. 159v/78.

⁵⁴ Rivas, 1982, § 285, p. 267.

⁵⁵ A. D. 159v/78.

⁵⁶ Recordemos que nos atopamos nunha zona onde se mantén moi viva a tradición dos “curros”, ou “rapa das bestas” (en Sabucedo, máis concretamente), tomando o nome do cercado circular de pedra onde se realiza.

⁵⁷ A. D. 159v/78.

⁵⁸ Corominas / Pascual, II, 1980, s.v. *dehesa*.

⁵⁹ Rivas, 1982, § 291, pp. 270-271.

⁶⁰ A. D. 158v/76.

⁶¹ Rivas, 1982, § 337, p. 302.

⁶² Corominas / Pascual, II, 1980, s.v. *cinco*.

⁶³ A. D. 159v/78.

4.5. Vilaboa

Partindo da VĪLLA romana, “casa de campo”⁶⁴, houbo un proceso de evolución no significado do termo para pasar a designar determinados tipos de asentamentos de poboación que implicaban unha serie de compoñentes agrarias. Estas “granxas” romanas fóronse estendendo pola xeografía formando topónimos de designación do posuidor (Vilagarcía, Vilaxoán, Viladónega⁶⁵, etc.), ou de condicións ou referencias externas das mesmas (Vilaseca, Vilanova, etc.), como a do caso que nos ocupa, VILLA + BONA, a cal documentamos en tres ocasións e con dous tipos de grafías *Billaboa*⁶⁶ e *Villaboa*⁶⁷. Estas construcións con VĪLLA son moi frecuentes canto máis nos retrotraemos no tempo, sufrindo despois, perdas da primeira forma compositiva nalgúns casos, mentres que noutros, o segundo termo do topónimo evolucionou foneticamente.

CONCLUSIÓNS

Como podemos ver, o enbedamento da lingua co latín tamén se mostra na toponimia, con máis razón se cabe, pois, dos topónimos aquí traballados once deles teñen esta procedencia: **Codeseda, (Codesal), A Devesa, Filgueiras, Fontenlo, Frago, A Grela, Insuela, Marcenlos, As Quintas, Vilaboa.**

Séguelle en número de aparicións os de orixe prerromana (cinco): **O Arnado, Barro, O Currelo, Río Umia**, (entre eles o dubidoso **Dónega**), e un exemplo de posible procedencia xermánica: **Xubrei**.

O principal sistema de composición de topónimos é a sufixación:

- Con sufixo de diminutivo: -ĔLLUM: O Currelo, Fontenlo, Insuela e Marcenlos.
- Con sufixos abundanciais: -ETUM: **Codeseda**; -OSO: **Fragoso**; (-AL: **O Codesal**).
- Con sufixo de participio latino -ATUM: **O Arnado**.

⁶⁴ Corominas / Pascual, v, 1983, s.v. *villa*.

⁶⁵ Nos documentos do Mosteiro de Codeseda atopámo-la referencia ó topónimo *Donega* (A. D. 158v/77), que a pesar da identificación xeográfica que Pérez Rodríguez fai del (Cf. no seu artigo, n. 13, p. 77), nós non o puidemos localizar. Este é, para Menéndez Pidal, 1976, p. 163.), un topónimo de posuidor procedente do latín DŌMĪNA, a través de DOM(I)NICA, que pasou a designa-la posuidora dunha herdade, manténdose en topónimos coa conservación da vocal postónica debido á sonorización da consoante xorda intervocálica, como Viladóniga, Viladonga (*ibidem*, Menéndez Pidal, p. 164), documentándose incluso como Quintana Donega (*ibidem*, Menéndez Pidal, p. 164, n. 1.). Poderíamos estar diante dun destes casos, pois coincide territorialmente cos topónimos Villa- e Quintana, podendo esta formar parte dun antigo composto que se desdoubrou, desaparecendo unha das súas compoñentes.

Outra explicación é a que achega esta solución cara ó nome prerromano *En(n)eco* (vid. Floriano, 1950, p. 337, e Rivas, 1991, p. 239), que deu como solución o apelido “Ónega”, coa variante “Dónega” por aglomeración (DE + ONEGA).

⁶⁶ A. D. 158v/77; 159/78.

⁶⁷ A. D. 159/78.

Tamén temos un caso de composición de substantivo + adxectivo: **Vilaboa**, sendo o resto substantivos.

Xa para rematar, citarémo-la presenza de, polo menos, un caso de erro de segmentación, **A Grela** < Agrela, xa que dubidamos da identidade de situación na forma medieval documentada para **Xubrei** (*Insobrei*).

BIBLIOGRAFÍA XERAL

- Corominas, J. / Pascual, J. A. (1980-91), *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, 6 vols., Madrid, Gredos.
- Crespo Pozo, Fr. J. S., “25 topónimos de Xunqueira de Ambía y su municipio: Su significación y breve etimología” *Grial*, 39, 1973, pp. 87-92.
- Ernout, A. / Meillet, A. (1932), *Dictionnaire Étymologique de la Langue Latine*, París, Klincksieck, [1985, 4ª ed.].
- Floriano, A. G. (1950), “La antroponimia en el registro coriense”, en *El libro registro de Corias*, Oviedo, CSIC.
- Forneiro Lloves, M. (1978), *Topónimos latinos de poseores en la provincia de Orense*, Tese de licenciatura, Santiago de Compostela, (inérita).
- García Arias, X. Ll. (1995), *Toponimia: teoría y actuación*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, Llibrería Llingüística.
- García de Diego, V. (1984), *Elementos de Gramática Histórica Gallega. (Fonética-Morfología)*, ed. facsímile, Anexo *Verba* 23, Santiago de Compostela, Universidade.
- González-Pardo, I. M. (1987), *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla de Alfoz*, A Coruña, Deputación Provincial.
- Machado, J. P. (1977³), *Dicionário etimológico da lingua portuguesa*, 5 vols., Lisboa.
- (1984), *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*, 3 vols., Lisboa, Confluência.
- Mapa Topográfico Nacional de España* (1:25.000), 153-1, Instituto Geográfico Nacional, 1994.
- Menéndez Pidal, R. (1976⁸), *Orígenes del español*, Madrid, Espasa-Calpe.
- Moralejo Lasso, A. (1977), *Toponimia gallega y leonesa*, Santiago de Compostela, Pico Sacro.
- Piel, J. (1948), “Nomes de *possesores* latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa”, separata de *Biblos*, 23, pp. 143-202 e 283-407.
- (1989), “A formação dos nomes de lugares e de instrumentos em português”, in *Estudos de lingüística histórica galego-portuguesa*. Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, [1940].
- Piel, J. / Kremer, D. (1976), *Hispano-gotisches Namenbuch*, Heidelberg, Carl Winter.
- Pérez Rodríguez, F., “San Jorge de Codeseda. Un monasterio femenino bajomedieval”, in *Studia Monastica*, 3, 1991, pp. 50-85.
- Rivas Quintas, E. (1982), *Toponimia de Marín*, Anexo *Verba*, 18, Santiago de Compostela, Universidade.
- (1985), *A Limia*, Ourense, Deputación de Ourense.
- (1991), *Onomástica persoal do Noroeste hispano*, Lugo, Alvarellos.